

Mapa meteorolóxico de superficie que representa o estado da atmosfera nun momento determinado.

As baixas presións de superficie invaden gran parte da área representada no mapa. Destacan a depresión de 996 mb., centrada sobre o Atlántico e outras dúas borrascas máis, situadas ó Noroeste das illas Británicas e ó sur da península escandinava, con valores algo inferiores, de 992 mb. Asociada a elas atópase unha familia de perturbacións da fronte polar.

Igualmente existen dous centros anticiclónicos: o primeiro centrado sobre o Océano Atlántico (Anticiclón das Azores), afecta ao Golfo de Cadiz de maneira máis definida, así como á área meridional da península. Este A forma parte do cinturón de altas presións e desprázase cara ao sur no inverno. O outro céntrase en latitudes máis elevadas do océano, formando unha crista anticiclónica visible no marco noroeste do mapa.

As fronte principais que aparecen son: unha fronte ocluída, asociada co centro de baixas presións escandinavo e unha familia de fronte cálidas e frías, dirixidas polas outras áreas de baixas presións dominantes. Por último, outras dúas fronte, cálida e fría, non relacionadas con ningún centro de baixa presión, afectan de maneira máis directa ó Noroeste peninsular. Esta superficie frontal separa masas de aire polar e tropical.

A circulación de ventos (fluxo) é do suroeste (aínda que pode considerarse do oeste, que ten a mesma situación). Este fluxo zonalponse en evidencia pola proximidade das isóbaras. O fluxo ven acompañado dunha masa de aire atlántico, procedente de latitudes intermedias. A estación do ano corresponde ao inverno.

A interpretación do tempo atmosférico que cabe deducir do mapa é a seguinte: a parte máis setentrional da península queda afectada polas perturbacións da fronte polar. Cabe esperar un tempo inestable pola circulación dos ventos dominantes do Oeste. Pola contra, a zona meridional atópase baixo a influencia dun borde anticiclónico que produce bo tempo nas illas Canarias e no leste, con tempo despexado e soleado.

En días sucesivos a fronte fría alcanzará o noroeste peninsular producíndose precipitacións. No leste e as Illas Canarias non variará a situación.

Mapa meteorolóxico de superficie cun fluxo do vento do suroeste.